

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**4976** *Real decreto 243/2010, do 5 de marzo, polo que se acorda transixir coa Comunidade Autónoma de Aragón, en cumprimento do punto 2 da disposición transitoria primeira do Estatuto de autonomía de Aragón, aprobado pola Lei orgánica 5/2007, do 20 de abril.*

Este real decreto encontra o seu fundamento na instrumentación do acordo da Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón do 15 de setembro de 2009 para resolver o contencioso presentado pola Comunidade Autónoma de Aragón, de acordo co previsto na disposición transitoria primeira do seu Estatuto de autonomía, aprobado pola Lei orgánica 5/2007, do 20 de abril.

A disposición transitoria primeira do vixente estatuto ten a súa orixe na reclamación de compensación ao Estado polas minguas recadatorias ocasionadas en Aragón que presentou a comunidade autónoma invocando a disposición adicional segunda do Estatuto de autonomía, aprobado pola Lei orgánica 8/1982, do 10 agosto de 1982, que no seu punto 1, in fine, establece o seguinte: «a eventual supresión ou modificación dalgúns destes tributos implicará a extinción ou modificación da cesión. As modificacións que determinen calquera minoración dos ingresos da comunidade autónoma determinarán a revisión da porcentaxe de participación a que se refiren os artigos 47.3 e 49 deste estatuto, así como as medidas de compensación oportunas».

Determinada así a controversia entre o Estado e a comunidade autónoma, esta solicitou o recoñecemento e satisfacción da devandita compensación.

A dita solicitude foi desestimada por resolución da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas do 16 de decembro de 2005, que foi obxecto de recurso por vía contencioso-administrativa ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, estando o procedemento pendente de sentenza.

A disposición transitoria primeira do Estatuto de autonomía de Aragón, aprobado pola Lei orgánica 5/2007, do 20 de abril, establece no seu punto 2 o seguinte:

«Se na data de entrada en vigor deste estatuto non estiver resolto o contencioso sobre o disposto no número 1 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/1982, a Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros examinará o obxecto do litixio co fin de resolvelo.»

Establecida a controversia e fixado polo Estatuto de autonomía o órgano chamado a examinala co fin de resolvela, en cumprimento da citada norma do Estatuto de autonomía de Aragón, a representación das dúas administracións na Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros analizou a situación do contencioso e, co fin de resolvelo definitivamente, chegaron a un acordo na súa reunión do 15 de setembro de 2009, con concesións recíprocas de ambas as partes.

As ditas concesións concrétnanse, por parte da Administración xeral do Estado, na transmisión a favor da comunidade autónoma de determinados bens mobles e inmobles e na revisión dos fondos que achegará o Estado, así como a súa periodificación, no convenio do 22 de decembro de 2003 entre a Comunidade Autónoma de Aragón e a Administración xeral do Estado para a construción da segunda terminal do tren de alta velocidade. A revisión do dito convenio xa tivo lugar, polo que queda fóra do obxectivo deste real decreto.

Por parte da Comunidade Autónoma de Aragón, o compromiso recollido no acordo da Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros do 15 de setembro de 2009 é o de desistir do recurso interposto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid contra a resolución da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas

do 16 de decembro de 2005. A transmisión dos bens condiciónase á devandita desistencia e á súa aceptación polo tribunal.

É por iso polo que, co fin de dar cumprimento aos compromisos asumidos pola Administración xeral do Estado na Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón o 15 de setembro de 2009, o Consello de Ministros debe acordar a transacción para pór fin ao litixio, en aplicación do disposto no artigo 7.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Este real decreto autoriza, así mesmo, a directora xeral do Patrimonio do Estado a subscribir co representante da Comunidade Autónoma de Aragón as actas de entrega ou transmisión que resulten necesarias para o efectivo cumprimento da transacción.

Este real decreto dítase de acordo co disposto nos artigos 7.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e 31 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Na súa virtude, segundo proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado en pleno e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 5 de marzo de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Acordo de transacción.*

O Consello de Ministros acorda, de conformidade co disposto nos artigos 7.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e 31 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, transixir coa Comunidade Autónoma de Aragón nos termos fixados no acordo da Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón do 15 de setembro de 2009, que, para estes efectos, son os seguintes:

1. A Administración xeral do Estado transmítelle á Comunidade Autónoma de Aragón a propiedade dos bens inmoables e a titularidade dos valores indicados no acordo da Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón do 15 de setembro de 2009 e transcritos no anexo a este real decreto, na súa actual situación física e xurídica, para cuxo efecto a comunidade autónoma se subrogará en todos os dereitos e obrigas resultantes dos protocolos e contratos subscritos previamente sobre eles e asume as ocupacións existentes.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón procederá a desistir do recurso contencioso-administrativo interposto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (sección 6ª, número de autos 200/2006) contra a resolución da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas do Ministerio de Economía e Facenda do 16 de decembro de 2005 relativa á solicitude de compensación ao Estado polas modificacións normativas dos tributos cedidos. A transmisión dos bens a que se refire este real decreto queda condicionada a que o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid dite o auto de aceptación da desistencia.

3. Ambas as partes dan por definitivamente resolto o conflito e por cumprido o previsto na disposición transitoria primeira do Estatuto de autonomía de Aragón, aprobado pola Lei orgánica 5/2007, do 20 de abril, con renuncia ao exercicio de calquera acción que lles puiden corresponder.

##### Artigo 2. *Autorización á directora xeral do Patrimonio do Estado.*

Autorízase a directora xeral do Patrimonio do Estado a executar esta transacción, subscribindo, para iso, co órgano competente da Comunidade Autónoma de Aragón, as actas de entrega ou transmisión que resulten necesarias para o seu efectivo cumprimento, nos termos previstos no artigo seguinte.

A subscrición das actas de entrega ou transmisión terá lugar no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Artigo 3. *Transmisión de bens e dereitos.*

A transmisión da propiedade das participacións accionarias en «Expo Zaragoza Empresarial, S.A.» será efectiva desde o asinamento da correspondente acta de transmisión ou entrega a que se refire o artigo 2, para cuxo efecto a comunidade autónoma asume e se subroga na totalidade dos compromisos que a Administración xeral do Estado asumise como accionista da sociedade, quedando a Administración xeral do Estado liberada deles. A dita acta será título suficiente para proceder á inscrición das participacións accionarias no Rexistro Mercantil.

A transmisión da propiedade dos demais bens será efectiva desde o asinamento da correspondente acta de transmisión ou entrega a que se refire o artigo 2, que necesariamente consignará con detalle a situación física e xurídica dos bens e dereitos, así como as obrigas que asume a Comunidade Autónoma de Aragón sobre eles. As ditas actas constituirán título suficiente para proceder á inscrición dos bens nos rexistros que corresponda.

Os bens e dereitos que teñan natureza demanial serán previamente desafectados dos fins correspondentes e a transmisión será efectiva desde o asinamento da correspondente acta de transmisión ou entrega a que se refire o artigo 2.

Respecto dos denominados parques de maquinaria, constituirase previamente un grupo de traballo con representación de ambas as administracións, que determinará os bens susceptibles de desafectación e entrega á Comunidade Autónoma de Aragón, así como os termos e prazos desa entrega, que se formalizará mediante a subscripción das correspondentes actas de transmisión ou entrega a que se refire o artigo 2, outorgándose para iso un prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

## ANEXO

Indícanse a continuación os bens e dereitos obxecto de transferencia:

1. Participación accionarial do Estado en «Expo Zaragoza Empresarial, S.A.»: transfírese á Comunidade Autónoma de Aragón a totalidade da participación accionarial de titularidade da Administración xeral do Estado.

A comunidade autónoma asume e subrógase, desde a data da transmisión da participación accionarial descrita anteriormente, na totalidade dos compromisos que a Administración xeral do Estado asumise como accionista da sociedade, quedando esta liberada deles.

2. Poboación de Búbal: núcleo urbano abandonado pertencente ao concello de Biescas, que foi expropiado pola Confederación Hidrográfica do Ebro para a construción do encoro de Búbal. Actualmente xestionado polo Ministerio de Educación, dentro do programa de recuperación e utilización de aldeas abandonadas. Dentro do núcleo existen varias edificacións rehabilitadas para dar servizo ás actividades na aldea; descríbense as principais:

A residencia, cunha superficie construída de 1099 m<sup>2</sup>.

Antiga casa Tiburcio, cunha superficie construída de 866 m<sup>2</sup>.

Museo, cunha superficie construída de 252 m<sup>2</sup>.

Lavandaría e bar, cunha superficie construída de 120 m<sup>2</sup>.

Forno e outras construcións auxiliares.

3. Inmable ocupado pola fundación «La Caridad»: edificio de 6574 m<sup>2</sup> construídos (5382 segundo catastro), sobre un soar de 2915 m<sup>2</sup>, sito na rúa Segismundo Moret 4, de Zaragoza. Ocupado pola fundación «La Caridad».

4. Terreo na rúa Embarcadero, Zaragoza: dúas parcelas catastrais na rúa Embarcadero núm. 11 e 21, de superficie aproximada 17.000 m<sup>2</sup>. A unidade carece de ordenación porque foi anulado o PERI por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón.

5. Terreo na rúa Castillo de Javier, Zaragoza: soar sito na rúa Castillo de Javier e Colegiata de Bolea 7, de Zaragoza; parte soar edificable, parte construído con ocupación.

6. Inmable antiga sede do Banco de España en Teruel: edificio situado na praza de San Juan 1, de Teruel, que foi antiga delegación do Banco de España nesta capital. Ten unha superficie construída total de 3542 m<sup>2</sup>, repartidos en 6 andares, sobre un soar de 760 m<sup>2</sup>. Destinado a Subdelegación do Goberno. Sobre o dito inmable subscribiuse un protocolo con data do 12 de abril de 2007 entre o Ministerio de Administracións Públicas, o Concello da cidade e a comunidade autónoma sobre rehabilitación e uso do inmable.

7. Inmable da antiga sede do Banco de España en Huesca: edificio sito na avenida Juan XXIII núm. 2, cunha superficie construída de 3594 m<sup>2</sup>, actualmente propiedade da Sociedade Estatal Segipsa, cunha ocupación por servizos do INE e Estranxeiría por prazo de dez anos.

8. Inmable na rúa Fernando el Católico 63-65, de Zaragoza: local no andar primeiro do inmable sito en Zaragoza, rúa Fernando el Católico 63-65. Ten unha superficie construída de 763 m<sup>2</sup>, incluídos elementos comúns.

9. Predios sobrantes dunha actuación da Dirección Xeral de Estradas situados no concello de Villanueva de Gállego, constituíndo as parcelas 11, 12 e 16 do polígono 19 do catastro de predios rústicos, cunhas superficies de 233.041 m<sup>2</sup>, 124.920 m<sup>2</sup> e 518.083 m<sup>2</sup>, respectivamente.

10. Os bens actualmente destinados a parques de maquinarias e vivendas do persoal legoeiro situados en Aragón e que aínda son de titularidade estatal, unha vez analizada a súa situación xurídica, realizadas as valoracións necesarias e tramitada a desafectación daqueles que deixen de ser necesarios para o uso xeral ou servizo público a que se encontren destinados. Estes trámites iniciaranse de inmediato, para o cal se constituirá un grupo de traballo coa representación de ambas as administracións.